Á fora de facilitar o desenvolvemento competencial dos meus alumnos presentao actividades abertas a situacións ambiguas que demanden a mobilización de ideas, habilidades e valores y que subliñan o sentido do aprendido na súa dimensión formativa e en situacións reais. Para isto as miñas Unidades Didácticas están organizadas dunha forma determinada todas elas para cumprir unha intención educativa. En cada sesión, tras retomar o visto na sesión anterior e despois dunha breve explicación introductoria á materia que imos a ver na sesión actual, o alumnado realizará una serie de actividades (2 o 3 por sesión) que profundizarán no aprendido. O esquema de cada Unidade Didáctica é:

1) Presentación do tema: parte que ubica a Unidade no proceso educativo e acota os seus obxectivos. Para isto vinculoa aos coñecementos e destrezas previas, emplazo o tema trazando unha primeira visión de feitos e datas relevantes e elaboro os interrogantes.

2) Desenvolvemento do tema: con tarefas diversas que extendan e complexicen a comprensión do alumno, busco unha restructuración conceptual que aporte ideas e explicacións lóxicas ás incógnitas establecidas, desencadeando así o proceso de aprendizaxe. Éste debe atender a dous criterios básicos: unha lóxica académica na que se sistematizan os contidos e outra psicolóxica considerando que o alumnado elabora os seus coñecementos do xeral ao específico. Ademais inclúo referencias ao presente e repeticións que fortalecerán a retención do aprendido e aumentarán a súa interese.

3) Recapitulación final: por último regresaremos ao punto de partida para analizar o aprendido, extraer conclusións e avaliar a aprendizaxe, a través de dous procedementos: por un lado, unha revisión das ideas previas cuxa análise fará ver aos alumnos o seu propio progreso; por outro, a elaboración de novos interrogantes que abrirán a porta á seguinte unidade didáctica.

Desenvolvín un sistema de ensinanza-aprendizaxe que deixa de lado a separación tradicional da teoría e a práctica e optei por unha metodoloxía que combina ambas esferas. Ao longo das explicacións na aula irán intercalando actividades que, ademais de afianzar os coñecementos con exercicios visuais e prácticos, aumentarán a motivación do alumnado que será suxeito activo na explicación. Estas tarefas enmarcanse nun abanico amplo de opcións, xa sexan individuais ou colectivas, e con elas o alumnado desenvolve todas as competencias clave da ESO. Os debates, as exposicións en grupo, as postas en común, as visitas guiadas, as infografías ou as exposicións de temas ou traballos breves reforzan as competencias CCL, CP, CAA, CPSAA, CCEC e CCEC. Coa elaboración de xogos de mesa ou interactivos e actividades como o brainstorming cubro a vertente constructivista da aprendizaxe e a competencia CD e CSTEM. Así mesmo, esta competencia CSTEM a traballo con gráficos e eixos cronolóxicos, xa sexan en formato papel ou interactivos con ferramentas como Timeline JS ou mapas xeográficos a escala.

Todas estas actividades, xa sexan individuais ou colectivas, serán adecuadas ás necesidades do meu alumnado. No caso das actividades en grupo agruparei ao meu alumnado de modo heteroxéneo para fomentar a interrelación entre os compañeiros e educar en valores como a igualdade, rompendo os roles sociais establecidos e facendo valer un aprendizaxe entre iguais.

Tamén realizaremos ACEs ao longo do curso, en concordancia coa ensinanza en valores, transversal, equitativa e igualitaria e que versarán sobre días conmemorativos como o Día da Muller ou o Día Escolar da Non Violencia e a Paz, traballando así contidos transversais, obxectivos e competencias.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos

saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

Por suposto a todos estes contidos, obxectivos, actividades e traballos inscribirémoslle unha dimensión igualitaria defendendo a igualdade e a equidade entre as persoas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Mapas conceptuais
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Eixos cronolóxicos escritos e dixitais
Apuntamentos e fichas do docente
Blog do docente
Aula Virtual do Centro
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Prensa
Debates na aula
Traballos de investigación
Brainstorming

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

A pesar do aumento sustancial da relevancia das TIC no sistema educativo actual, existen algúns recursos didácticos tradicionais que siguen tendo unha gran importancia no desenvolvemento educativo do alumnado. O recurso didáctico por antonomasia é o Libro de Texto dixital que se empregará como material de consulta, posto que a materia estaba xa preorientada a unha ensinanza Edixgal e todos os recursos que se nos ofrecen dela son dixitais. Empregarei presentacións PowerPoint e materiais de elaboración propia na maior parte das ocasións. A súa cuidada edición e ampla gama de actividades permitenme adicar máis tempo á planificación e á supervisión da actividade didáctica. Como xa indiquei anteriormente o fomento da lectura é unha máxima na miña función docente e para iso empregarei a Biblioteca do centro coa axuda do Clube de Lectura, facendo uso da hora de ler que hai prevista para ler capítulos de libros de divulgación xeral, monografía breves, atlas históricos ou obras de ficción como os cómics históricos e será unha actividade voluntaria que incentivará a lectura con estímulos como puntos positivos na nota ou coa suma de fraccións da mesma.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Plataforma EDIXGAL que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Plataforma EDIXGAL permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliáveis, e comunicarse co alumnado.

Por outro lado, e afondando agora na dimensión tecnolóxica, contarei con recursos didácticos proporcionados polas TIC como o cañón dixital, a pizarra dixital, as webquest ou os blogs que proporei en clase, que controlarei a través da plataforma Epootes. Suxerirei películas, series ou documentais que poidan ver online, recursos web como Google Earth, os atlas didácticos, Geacron ou Mapmaker para ilustrar as partes de la materia que precisen da ensinanza xeográfica e tamén sitios web nos que os alumnos poidan insertar información como Wikidia, para favorecer o traballo autónomo e despertar a súa curiosidade. Empregarei tamén liñas de tempo interactivas con recursos como Timeline JS, Tiki-Toki, Remembre o Chronozoom. Todas as actividades susceptibles de necesitar unha conexión web serán realizadas no centro, na medida do posible, nas aulas de Informática das que dispón posto que pode ser que non todos os alumnos contan con conexión a Internet nas súas casas. Por último, cabe destacar que para cada Unidade Didáctica diseñei materiais de elaboración propia presentados en formato dixital que adaptarei ás necesidades do meu alumnado, tales como textos históricos, fragmentos historiográficos, mapas históricos, gráficas, táboas, material audiovisual, aos que engadín en algún caso elementos multimedia como enlaces a vídeos, documentais, esquemas interactivos ou xogos online que apoian a materia impartida, como os da plataforma online Kahoot. Todos estes materiais están adecuados aos distintos niveis de aprendizaxe do alumnado, insertan o uso das TIC na aula, e están destinados a propiciar estratexias de aprendizaxe competencial.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios escritos tanto de Xeografía como de Historia para identificar en qué punto de saída nos atopamos. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta baseada en observacións directas e indirectas na aula, entrevistas, fichas e probas breves sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas do alumnado.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica por ese motivo, e como indiquei anteriormente, todas as Unidades Didácticas siguen o mesmo esquema e ao inicio de cada unha delas retomamos o visto anteriormente, relacionámolo coa Unidade que empezamos e a través de breves cuestionarios escritos ou orais determinamos o punto de partida e a capacidade competencial e de contido.

Calificamos así o proceso de aprendizaxe, ponderando todas as valoracións e anotacións previas, considerando tamén as circunstancias persoais do alumno (reforzos, ampliacións, recuperacións, alumnado repetidor, posibles ACIs...).

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Tamén permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Estas probas iniciais non serán nunca valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	<b>40</b>

### Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 60% e o peso restante do 40% conformase co resto de producións escritas do alumnado ao longo do trimestre (fichas didácticas, traballos escritos ou orais e producións propias).

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación por escrito dunha serie de preguntas que contarán co valor total ao carón. As preguntas das probas escritas consistirán en preguntas breves, preguntas de explicación extensa, apartados tipo test, preguntas de verdadeiro-falso, eixos cronolóxicos para cubrir, identificación de imaxes, definición de termos ou elaboración de esquemas de contido.

Como se indica anteriormente a nota de cada pregunta estará especificada ao carón do enunciado dando todas elas un total 10 puntos. Unha resposta correcta, completa e ben fundamentada suporá o total da puntuación, a cada elemento que falte da mesma a nota decrecerá. Todas as preguntas das probas escritas basearanse nos contidos, criterios e obxectivos da materia previamente fixados. A suma das notas de cada pregunta suporá a nota final da proba escrita.

A parte correspondente ao 40% da nota e baseasa nas producións escritas do alumnado alén das probas escritas chamadas exames comprenderán todas aquelas producións feitas na aula e susceptibles de ser calificadas numericamente. Estas producións poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, eixos cronolóxicos, traballos de investigación, elaboración de esquemas e mapas conceptuais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa. A proactividade e do alumnado e a esfera actitudinal-competencial igual que o emprego da transversalidade considéranse como aspectos a valorar dentro da súa formación formal e informal. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10-9, moi ben, 8-7, ben, suficiente 5, insuficiente 4, moi insuficiente 3-0.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [ (Media Ex. x 60)+ (Media rúbricas T.I.x40)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 40) + (Nota 2ª aval. x 30) + (Nota 3ª aval. x 30)] / 100.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración duns cadernos de reforzo e recuperación con diferentes actividades competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación. Estes cadernos están xa preparados e á disposición do alumnado a partir da primeira avaliación se for preciso. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10-9, moi ben, 8-7, ben, suficiente 5, insuficiente 4, moi insuficiente 3-0. Para calcular a nota da recuperación considerarase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos e será o resultado de: Nota recuperación da avaliación non superada= [(Nota Ex.+ Media rúbricas T.I.)] /2. Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva. No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe entregalo de novo. As recuperacións de avaliación completas faranse sempre tras as datas de avaliación oficial establecidas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

50% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

50% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.



Polo tanto a nota é o resultado de:

Nota trimestral da materia pendente= (Nota Bol. + Nota Exame) /2.

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaríase, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e entregalo de novo.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

Nota final de curso: (Nota 1ª Av. + Nota 2ª Av.+ Nota 3ª Av.) / 3.

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado tutor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

Independentemente do estipulado consta aquí o feito de lembrar que no 1º curso da Educación Secundaria Obrigatoria o alumnado non conta con materias pendentes de anos anteriores posto que se cambia de nivel.

A CUALIFICACIÓN ORDINARIA DE XUÑO do alumnado será a da media aritmética das notas de cada unha das avaliacións trimestrais. O resultado virá expresado sen decimais, redondeado á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. Para a promoción da materia é preciso obter unha nota mínima de SUFICIENTE.

Aqueles alumnos/as que non superen a materia nas avaliacións parciais, terán que facer unha proba escrita en xuño de recuperación das partes nas que teñan a materia suspensa. A proba terá a intención de valorar distintos aspectos no proceso de aprendizaxe do alumno/a como son: Comprensión e argumentación de conceptos, aplicación dos mesmos a propostas pechadas concretas, argumentación razoada ante diferentes propostas suscitadas sobre feitos concretos, resolución de cuestións, probas de interpretación de distintos tipos de documentos historiográficos... Estará centrada nos contidos específicos das avaliacións que non teña superadas e axustarase ao grao mínimo de consecución dos estándares de cada materia. A súa elaboración e corrección corresponderá ao profesor do curso correspondente.

O alumnado contará con material de reforzo elaborado polo profesorado para a superación da materia, o cal se lle proporcionará cando soliciten.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A categorización conceptual, a didáctica da causalidade, a procesualidade histórica e o tratamento da información son catro procedementos recurrentes na ensinanza e na aprendizaxe da Xeografía e da Historia, abordadas cientificamente, e poden supoñer dificultades aos meus alumnos, para o cal teño previstas unha serie de actuacións que se amoldarán á súa vez á situación particular de cada un deles.

Estos nodos de dificultade identificáreinos a través da avaliación inicial e intentarei subsanalos a través de reforzos elaborados especificamente para cada unha das unidades didácticas desenvoltas.

Para os problemas coa categorización conceptual elaboro un vocabulario individual que se complexiza ao mesmo tempo que os contidos da materia, e que cada alumno irá modificando conforme avanza o curso. Esta escala de complexidade abordareina tamén a través de esquemas de contido que comezan limitándose a unha soa unidade didáctica e un máximo de dez conceptos chave que proporcionarei ao meu alumnado e, unha vez asimilados estes conceptos (que tamén poden ser nomes de personaxes, feitos históricos relevantes, accidentes xeográficos ou elementos atmosféricos por poñer algúns exemplos) o esquema irase complexizando enlazando contidos con outras unidades didácticas e outros eixos de contido, fomentando a transversalidade e profundizando nese cambio que supón o paso da ensinanza Primaria á Secundaria, con unha análise máis científica tanto da Xeografía como da Historia, analizando causas e consecuencias e comprendendo a causalidade e a procesualidade. Para a súa elaboración os meus alumnos poderán optar por un mapa conceptual físico en papel ou pola ferramenta dixital FreeMind.

Para os problemas coa didáctica da causalidade adopto un proceso constructivista baseado na consecución de

obxectivos pautados. Iníciase a asimilación da causalidade a través dunha escala de complexidade paulatina dende a cal o alumno, coa miña axuda, analiza a realidade desde unha múltiple perspectiva, desde os intereses individuais aos grupais, das decisións internas á súa aplicación externa e, finalmente, dos feitos coxunturais froito dunha acción momentánea aos cambios estruturais que provocan e que pasan a formar parte da base da nosa realidade (un exemplo, os efectos do cambio climático).

A causalidade e a procesualidade van da man neste aspecto e por iso as dificultades coa procesualidade histórica seguirán un esquema similar ao anterior no cal diferenciarei o mecanismo de apoio necesario en función da carencia que presente cada alumno. Para os fallos no manexo do tempo histórico elaborarei reforzos específicos con eixos cronolóxicos de dificultade variable. Para as carencias na identificación de suxeitos e axentes históricos diseño unha serie de reforzos pautados que axuden ao meu alumnado a comprender a dinámica social e as estruturas e circunstancias que a conforman a través de textos, material audiovisual, fragmentos literarios ou material elaborado por min mesma e adecuado a cada situación, como dossiers de información sobre individuos ou feitos históricos, elementos do clima, partes da atmosfera, retrospectivas sobre personaxes históricos ou resumos sobre períodos significativos como el Antigo Exipto, o Imperio Romano ou o Reino Suevo de Galiza.

La última dificultade é a instrumental xa que fai referencia ás insuficiencias no tratamento da información. Ésta pode presentarse en cada alumno de forma distinta, xa sexa en análise de mapas, estudo de fontes, na elaboración de resumos ou na expresión oral que mostra nas exposicións na aula. Para todas elas diseño tarefas pautadas que poderán coordinarse co resto de materias para extender o seu progreso na corrección morfolóxica, a construción sintáctica, a carga semántica e a defensa oral a todas as asignaturas, reforzando ao mesmo tempo a competencia CCL.

A coordinación e cooperación mutuas entre alumnado tamén será unha ferramenta moi útil a nivel social e competencial dos alumnos/as, que aprenden a axudar, reforzando a CPSAA, e a recibir axuda nas áreas que o precisan de compañeiros/as cos que establecen lazos de convivencia e amizade.

Finalmente tamén recollo a posibilidade de elaborar ACIs de nivel en función das necesidades do alumando. Estas ACIs, así como os reforzos, serán identificados a partir da Avaliación Inicial e basearanse nos saberes fundamentais, básicos e mínimos contidos da materia.

Co asesoramento do Departamento de Orientación levaranse a cabo os reforzos necesarios en todas as áreas precisas da materia, así como un seguimento diario do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X	X	X			
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento					X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita							X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X			



	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros didácticos	complementaria	X	X	X

**Observacións:**

Dentro da programación da materia de 1º ESO de Xeografía e Historia temos previsto a elaboración de distintas actividades complementarias. Como o seu propio nome indica estas complementan os contidos do currículo, criterios e obxectivos acadados na aula coa explicación da materia. Están distribuídos de forma equitativa nos trimestres do curso e todos eles relacionados coa materia vista. Deste xeito tras a primeira parte de Xeografía física que veremos no primeiro trimestre o alumnado porá en práctica o aprendido na aula con un roteiro pola vila para o cal analizaremos mapas topográficos, históricos, políticos e físicos. Con esta visita coñeceremos a contorna de forma autónoma e as distintas formas de representar a mesma no mapa. Así mesmo estudaremos os accidentes xeográficos da zona e faremos un vocabulario dos mesmos. Cando abordemos a parte de Historia Antiga, xa no segundo e terceiro trimestre, propoñemos unha visita ao Museo Provincial de Pontevedra para estudar a historia do país e da provincia, os restos arqueolóxicos que podemos atopar na mesma e a relevancia destes restos para o estudo da nosa Historia. Este tipo de accións favorecen a independencia e a socialización do alumnado, que desenvolve a súa creatividade e descubre as súas habilidades fóra do ámbito escolar. No tocante a charlas, proxeccións cinematográficas ou de documentais faranse no propio centro e a poder ser no horario habitual da materia. É preciso que sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado. Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades: - Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado con información do tema e tarefas para desenvolver durante a actividade. -Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información. -Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
A temporalización foi adecuada
Metodoloxía empregada
É ordenado, claro e consiso nas explicacións
É innovador/a
Emprega xogos para animar e dinamizar a práctica docente e o proceso de ensinanza aprendizaxe
Fai uso de material audiovisual para ilustrar as distintas etapas xeográficas e históricas que se ven
Sabe dirixir as clases
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
Realizouse a avaliación inicial
Propón traballos de investigación para crear un alumnado autónomo

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega variedade de recursos tanto escritos como orais, físicos e dixitais
Revisa a realización das tarefas propostas
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación ao longo da avaliación e antes da nota final
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Clima de traballo na aula
Crea ambiente óptimo de aprendizaxe
Motiva ao alumnado a mostrar o millor de sí mesmos e facerse responsable do seu proceso de ensinanza-aprendizaxe
Resolve dúbidas en todo momento, tanto na aula como a través dos soportes dixitais do centro e da materia
Outros
Demostra coñecemento da materia
Explica con claridade
Emprega materiais de elaboración propia dinámicos, ilustrados e útiles
Valora o esforzo
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
As actividades foron variadas e motivadoras
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## **9. Outros apartados**